

FRANCISCO XAVIER RÍO BARJA

*Cartografía  
Xurisdiccional  
de Galicia  
no Século XVIII*



CONSELLO DA  
CULTURA GALEGA







**CARTOGRAFÍA  
XURISDICCIONAL  
DE GALICIA  
NO SÉCULO XVIII**



Consejo de Cultura Clásica  
Rúa do Vello, 30, 2º andar, Ourense, Galicia, España  
Tel. 988 872222  
Fax. 988 872222

Impreso en España por Editorial Castalia, S.A. - Ourense, Galicia

Ilustración en portada: Mapa Geográfico del Reyno de Galicia.  
Elaborado polo xeógrafo D. Tomás López. Madrid, 1784.

CARTOGRAFÍA  
XURISDICCIONAL  
DE GALICIA  
NO SÉCULO XVIII

© Consello da Cultura Galega  
Rúa do Vilar, 30. Santiago de Compostela. Telf.: 588088

I.S.B.N.: 84-87172-55-5  
Dep. Legal: C-232-1990

Imprimiu: Gráfico Galaico - Polígono POCOMACO. Telf.: 291010. A Coruña

FRANCISCO XAVIER RÍO BARJA  
coa Colaboración de  
V. MAGDALENA VIDAL  
na medición planimétrica das xurisdiccións

# CARTOGRAFÍA XURISDICCIONAL DE GALICIA NO SÉCULO XVIII



CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
Santiago, 1990





## FONTES

### 1. MANUSCRITAS

- *Arquivos provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra*  
Catastro del Marqués de la Ensenada. Libro de Interrogatorios. Contestación ás preguntas 1, 2, i 3 sobre señoríos, límites parroquiais...
- *Arquivos Parroquiais*  
Serie. Libros de Bautizados, século XVIII e XIX
- *AVILA Y LA CUEVA: Historia Civil y Eclesiástica de la ciudad de Tui y su obispado (1856)* Archivo. Cat. de Tui.

### 2. IMPRESAS

- *Arquivo da Universidade de Santiago*  
España dividida en provincias e intendencias y subdividida en partidos... por el Exmo. Sr. Conde de Floridablanca... con un nomenclator de todos los pueblos del reino... Madrid, 1789, 2 vols.
- *Arquivos Históricas Diocesanos de Santiago, Mondoñedo, Lugo, Ourense, Tui e Astorga.*  
Colecc. de Decretos de los Obispados (sobre amaños parroquiais nos dous últimos séculos).

– R. *Academia de la Historia*

Censo de Población del Conde de Floridablanca. Signatura 9/6203.

– *BIBLIOTECA Instituto Estudios Gallegos*

España Sagrada. Theatro geographico histórico de la Iglesia de España por Enrique Florez. Tomos XVI-XXII. Madrid 1752

Sebastián Miñano. Diccionario Geográfico-Estadístico de España y Portugal. XI Tomos. Madrid 1826.

Pascual MADDOZ. Diccionario Geográfico-Estadístico Histórico de España y sus provincias de ultramar XVI. Madrid 1845-1850.

### 3. OUTRAS FONTES BIBLIOGRÁFICAS

Nomenclátore do Instituto Nacional de Estadística.

TORRES LUNA, M<sup>a</sup> Pilar y OTROS: «Las parroquias de Galicia». Universidad de Santiago. 1985

GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga: «La Organización administrativa territorial de la Antigua Provincia de Ourense a mediados del siglo XVIII. Museo Arqueológico. Provincia de Ourense. 1988.<sup>1</sup>

SAAVEDRA, Pegerto: Economía, Política y Sociedad en Galicia. La Provincia de Mondoñedo 1480-1830. Servicio Central de Publicaciones. Xunta de Galicia

---

<sup>1</sup> Este exhaustivo traballo presenta un mapa xurisdiccional resultado do baleirado total do Catastro do Marqués da Ensenada, e, en termos xerais, coincidente co que resulta da división de Floridablanca realizado 33 anos despois. Algunhas pequenas variantes parecen indicárnolo o carácter dinámico e inestable destas xurisdiccións e nalgúns anotacións ó texto da provincia de Ourense sinalase esta mobilidade.

#### 4. FONTES CARTOGRÁFICAS

Ademais do insustituíble e pormenorizado labor de campo a base cartográfica foi:

- Mapa Topográfico Nacional 1/50.000 del Instituto Xeográfico Nacional

Tivéronse en conta os mapas de Cornide dos tomos galegos da «España Sagrada» e o de Tomás López de 1785, así como as follas publicadas do mapa Topográfico a 1/250.000 naquelas xurisdiccións de delimitación dubidosa.



## INTRODUCCIÓN

A Cartografía histórica de Galicia, está en boa parte, por estudar, e este baleiro documental estase a deixar sentir nos eidos da Xeografía e da Historia.

O noso traballo «A Cartografía Xurisdiccional de Galicia no século XVIII» contribuirá, sen dúbida, a cubrir boa parte desta lagoa documental achegando co mapa das súas xurisdiccións un instrumento de traballo que sexa de axuda ós estudiosos destas materias.

A longa elaboración deste material concrétase en:

- A representación de 7 mapas a escala 1/200.000
- Unha relación das xurisdiccións coas súas respectivas freguesías, o señorío correspondente e unha cuantificación territorial (feita con medición planimétrica).

A división administrativa de España imposta por Real Decreto de Novembro de 1833 chegou ata os nosos días despois dun século e medio de vixencia e estabilidade.

O antecedente real e efectivo desta división foi a fixada, polo miúdo, na obra «España dividida en Provincias e Intendencias», xa citada, que se coñece co nome de División de Floridablanca do 22 de marzo de 1775.

Esta obra que responde á mentalidade ordenancista controladora e centralista da política borbónica do século XVIII é, porén, unha obra singular e representa un esforzo interesante por acadar unha máis uniforme e sinxela división do territorio do país e que, a

pesares, dos seus defectos ven referendar e oficializar un status político-administrativo que chegou ata 1833 cunha vixencia de case tres séculos.

A idea central foi a creación dunhas unidades administrativas: as Provincias, rexidas pola figura dun intendente. A cada intendencia debería corresponder unha provincia, había pois, na mente do lexislador unha correspondencia persoal e de goberno.

A España peninsular estrutúrase en 31 Intendencias<sup>2</sup> e o Reino de Galicia constituía unha soa Intendencia.

De acordo co espírito da división de Floridablanca o Reino de Galicia forma *unha soa Provincia* rexida por un só Intendente.

As chamadas sete «Provincias» non teñen o carácter de circunscricións político-administrativas de primeiro grao senón a significación de parciais áreas provinciais que funcionarían soamente a efectos de reparto de impostos e levas militares e que serven para a comunicación de ordes procedentes do poder central<sup>3</sup>.

Pero en Galicia a denominación de Provincias destas parciais áreas do Reino teñen unha longa tradición, cando menos dende o século XV. As principais cidades de Galicia, ó comezo 5 (Santiago, Betanzos, Lugo, Mondoñedo e Ourense) tiñan o dereito de representación na Xunta do Reino; no século XVI conseguen o acceso a esta representatividade A Coruña e Tui.

Cada unha destas cidades abranguía un territorio, non ben definido, alomenos ata a División de Floridablanca e este territorio

---

<sup>2</sup> Por orde alfabética son: Alava, Aragón, Burgos, Cataluña, Córdoba, Cuenca, Encartaciones de Bizkaia, Extremadura, Galicia, Granada, Guadalajara, Jaén, León, Madrid, Mancha, Murcia, Navarra, Nuevas poblaciones de Andalucía, Valencia, Salamanca, Segovia, Sevilla, Soria, Toledo, Toro, Valencia, Valladolid, Bizkaia y Zamora.

<sup>3</sup> Melón y Ruiz de Gordejuela, A. Inmediata génesis de las provincias españolas. *An. Hª Dcho Esp.* Madrid 1957.

Pegerto Saavedra. *Política y Sociedad en Galicia. La Provincia de Mondoñedo. 1480-1830.* Servicio Central de Publicaciones. Xunta de Galicia.

recibía o nome de Provincia: nome, como di G. Mariñas<sup>4</sup> que é xustamente para cada un o da mesma cidade pola que o deputado «tiña asentado» no reino e, o mesmo autor matiza que, «las provincias históricas gallegas no son sino la extensión xurisdiccional abarcada por cada una de las ciudades que tienen procurador en la Junta del Reino».

Temos, polo tanto con esta división:

1º) Unha Provincia-Reino como circunscrición político-administrativa de primeiro grao.

2º) Sete «Provincias» como ámbitos territoriais de representación, que abranguían as sete principais cidades galegas.

3º) Unha subdivisión «provincial» en xurisdiccións e coutos redondos que, á súa vez, están compostos polas unidades máis pequenas, máis vivas e máis perennes das relacións sociais do campo galego: *as parroquias*.

E, mesmamente por este feito, é a existencia destas unidades sociais básicas, dotadas de gran estabilidade ó longo de seus case 14 séculos de historia, o que nos permite traducir polo miúdo, a grande división de Floridablanca nos *sete mapas xurisdiccionais da Galicia do século XVIII*.

Esta cartografía ofértanos unha documentación gráfica que amosa unha axeitada localización, e a contía das súas xurisdiccións e fregusías.

Os mapas de Cornide para os tomos galegos da «España Sagrada» e os adicados a Galicia por Tomás López supoñen a primeira e máis cobizosa intención de nos dar unha cumprida imaxe desta delimitación provincial, especialmente o do segundo destes autores, en 1784, realizado, sen dúbida, con moita dilixencia, pero con evidentes imperfeccións dadas as deficientes condicións cartográficas da época.

---

<sup>4</sup> González Mariñas, P. Provincias. Ver *Gran Enciclopedia Gallega* Nº 400. Las Diputaciones Provinciales en Galicia: del Antiguo Régimen al Constitucionalismo. Diput. Prov. de A Coruña.

Dende entón, hai agora dous séculos, non se tentou anovar esta cartografía; polo que esta falla de actualización dos mapas como medios fundamentais para a localización espacial era un atranco que se deixaba sentir nos estudos de Xeografía histórica.

Antes da División de Floridablanca o reparto administrativo-territorial de Galicia na Idade Moderna era unha complicada trama tanto territorial coma de dominios que se traducía nun esmigallamento do espacio e nunha superposición de xurisdiccións; por outra parte non ofrecía unha estabilidade ou continuidade político-territorial dado o carácter persoal dos señoríos, condicionados por unha dinámica de herdanzas, compras, doazóns...

Floridablanca pretende facer, por unha parte, un intento de fixación das unidades administrativas e, pola outra, procurar unha meirande cohesión e simplicidade destas divisións que, ademais, en Galicia se poden asentar naquelas unidades básicas relixiososociais que son as freguesías.

O intento quedou, a pesares do esforzo reformista do seu autor, a medio camiño da que podería ser unha adaptación destas divisións administrativas, a unha meirande cohesión e unidade das xurisdiccións dentro do marco natural do país; pero sen embargo, permite ofertar unha expresión cartográfica menos confusa ca que se puidera realizar en séculos anteriores, e inda no século XVIII proporciona unha imaxe máis sinxela e cartografiable que a que dá, 33 anos antes, o Catastro do Marqués da Ensenada.

Así pois, Floridablanca oficializou unha división territorial que tivo unha vixencia de medio século ata a definitiva remodelación de 1833 da cal a nosa división é o seu antecedente inmediato.

A Galicia do século XVIII contaba con 509 xurisdiccións, 155 coutos redondos, 7 cidades e 95 vilas.

Os señoríos xurisdiccionais eran moi variados: señorío Secular, señorío Eclesiástico, de Abadengo, de Reguengo, de Ordes e nalgunhas ocasións a xurisdicción ordinaria dependía dos seus veciños ou dos concellos.

En termos xerais, o primeiro que chama a atención é que, contra o sentir popular, a meirande parte de Galicia estaba en mans



do Señorío Secular. Moi preto do 60% das freguesías galegas estaban señoreados pola Alta Nobreza e a fidalguía. Nalgunhas provincias este feito era moi acusado; Tui tiña case o 70% e Lugo máis do 73% das freguesías deste dominio secular.

O señorío secular que exercía a súa xurisdicción en meirande número de freguesías eran:

– En SANTIAGO o Conde de Altamira con 195 freguesías baixo a súa xurisdicción.

– En Lugo o Conde de Lemos posuía o señorío sobre 386 freguesías.

– En Ourense o Conde de Monterrei que tiña xurisdicción sobre 193 freguesías.

– En Tui o Conde de Salvaterra que señoreaba 51 freguesías.

– En Betanzos o Conde de Lemos era o Señor de 87.

– Na Coruña O Conde de Lemos con Xurisdicción sobre 14 freguesías.

– En Mondoñedo o señorío secular estaba en mans da fidalguía e a Alta Nobreza tiña moi cativa representación.

Tamén de acordo co número de freguesías señoreadas no reino de Galicia, salientaba o Conde de Lemos que abranguía unhas 570 freguesías en Lugo, Ourense, Betanzos e A Coruña.

Seguíao en importancia baixo este respecto ó señorío secular o de abadengo que acadaba case un 20% das freguesías galegas. O seu reparto provincial era moi desigual así en dúas provincias, Santiago e Mondoñedo, o predomínio Abadengo era maioritario con 470 freguesías, 51% na primeira e máis do 48% na segunda; pola contra outras dúas provincias A Coruña e Betanzos, non tiñan este señorío.

O Señorío de Reguengo e o Eclesiástico seguían en extensión ós devanditos. O primeiro tiña alta representación en Ourense con 111 freguesías.

O Señorío Eclesiástico que representaba tan só un 10% en toda Galicia achábase espallado uniformemente en toda a rexión.

Por último o Señorío de Ordes tiña moi cativa representación non acadando ben o 2,5% das freguesías galegas, esencialmente asentado sobre Lugo e Ourense.

A Galicia do XVIII era sensiblemente de menor extensión cá actual uns 160Km<sup>2</sup> de terra galega foron arredados das súas raíces e, nalgunha ocasión con resolucións xudiciais moi discriminatorias para a nosa terra.

En efecto temos que considerar definitivamente o río Eo como linde entre Galicia e Asturias a pesares da inxusta determinación de D. Juan de Grijalba en 1580<sup>5</sup> que veu a resolve-lo preito sobre límites e xurisdicción das vilas de Ribadeo e Castropol en virtude da sentenza que sinalou o río Eo como asturiano «de la una e de la otra parte». Quedaron, polo tanto, como lindeiros de Ribadeo e conseguintemente de Galicia os penedíos de Mirasol, Vilavella, O Costal... etc. Podendo os escribáns de Castropol vir facer escrituras no peirao de Figueirúa (no actual Ribadeo). Mais o tempo encargouse de desbotar, e de feito así o fixo na delimitación de 1833, tan impropia determinación xudicial. Máis importante foi a desmembración dunha zona de terra galega entre as provincias de Ourense e León. A provincia de León penetraba como unha fonda cuña polo leste e norte da xurisdicción de Valdeorras.

---

<sup>5</sup> Lanza Alvarez, F.

.Madrid 1933.: El «arreglo» cometido por los Obispos en el siglo XII fue corregido y aumentado por D. Juan de Grijalba, juez que vino a resolver el pleito sobre el límite y jurisdicción de Ribadeo y Castropol en 1580 y tanto en virtud de la sentencia dada por Grijalba que dice... «pertenescen a la dicha villa de Castropol... desde Figueroa hasta San Tirso... toda la ría de una parte a otra».

Por tanto quedaron como límites de Ribadeo y consiguientemente de Galicia, los formados por Mirasol, Vilavella, El costal... etc.

Los escribanos de Castropol pudieron permitirse el lujo de venir a otorgar escrituras en conchas atracadas al embarcadero de Figueurua.

Y hasta 1833 no fue devuelto a Galicia el río que Grijalba había sentenciado

As freguesías de Leira, Oulego, Veiga de Cascallá, Robledo, Porto e Real, Barrio e Castelo, Covas e Pardollán practicamente envorcadadas na súa maioría sobre a fosa tectónica do Valdeorras, non eran territorio galego e así mesmo, as parroquias de Lardeira e Casaio estaban desmembradas na xurisdicción de Quintanilla de Cabrera na Provincia de León.

Houbó que agardar á División de 1833 para recuperar esta parte dunha Galicia irredenta, que pola súa xeografía, a súa Historia, a súa lingua e costumes foron sempre parte da nosa terra.

Por último a divisoria sur con Portugal no XVIII seguía sensiblemente os límites internacionais actuais pero o estado de incerteza que se suscitaba nos chamados «pobos promiscuos» asentados na mesma raia obrigou a consolidar de maneira oficial os confíns polo tratado de 1864, quedando para Portugal os lugares raianos de Lama D'Arcos, Soutelinho e Cambela e o chamado Couto Mixto para España.

De acordo con estes lindeiros a Galicia do XVIII tiña unha extensión de 29.334'675 kms<sup>2</sup> e unha poboación de 1.340.192 segundo o Censo de Floridablanca, o que representaba unha densidade relativa do 45'6. No reparto provincial aparece o antigo reino cunha desigual porcentaxe na densidade relativa de poboación e sobrancea como as provincias marítimas, aquelas que dispuñan dun clima máis morno, de mellores comunicacións, e meirandes recursos económicos, intensificaban súa densidade relativa a custa das provincias interiores (Ourense e Lugo). De todas elas era Tui (86'5 hab./Km<sup>2</sup>) a de maior densidade e meirande proporción en número e vilas e Lugo asentada sobre a penichaira interior e encostada no macizo Oriental, a de menor densidade con 28'6.

En xeral séguese moi semellantemente a mesma distribución que na actualidade onde Pontevedra ergue a súa poboación en 884.408 habitantes, e Lugo con 399.232 habitantes segundo o Censo de 1986.

No seguinte cadro facemos un resume xeral das «sete provincias» co número de xurisdiccións e coutos, número de vilas e cidades, extensión, poboación e densidade relativa.

	Xurisdicción	Coutos	Vilas	Cidades	Extensión	Poboación	Densidade
Santiago	101	20	27	1	6910'165	396.312	57'3
Ourense	149	44	24	1	7315'930	292.947	40'0
Lugo	131	48	9	1	8125'850	232.452	28'6
A Coruña	17	7	1	1	787'300	49956	63'4
Betanzos	43	9	10	1	2454 '160	134683	54'8
Mondoñedo	30	16	3	1	2069 '570	84709	40'9
Tui	38	11	21	1	1671'700	144569	84'4
Total Galicia (s. XVIII). <sup>1</sup>					29319'500	1.340.192	45'7
Extensión		Poboación		Densidade			
29.334'675		1.340.192		45'6			

<sup>1</sup> Esta medición rectifica, en certa medida, o que hai 31 anos demos no noso traballo sobre a «Delimitación Provincial de Galicia no Século XVIII», cando aínda non estaban publicadas polo Instituto Xeográfico Nacional tódalas follas galegas do Mapa Topográfico a escala 1/50.000.

Coa cartografía actual ofrecemos unha medición que estimamos aceptable e axustada ós datos do I.G.N.

---

# SANTIAGO

## SANTIAGO

A Província de Santiago é a maior e mais populosa república entre 161 municípios, com 1.000.000 habitantes, sendo o maior centro urbano e 27 mil km². Área: 1.000.000 km². População: 1.000.000. Capitais: 161 municípios. Cidades: 161 municípios. Municípios: 161 municípios. Municípios: 161 municípios. Municípios: 161 municípios.

A primeira consideração que se quer o primeiro a ser feita é a de que o país é muito grande, com uma grande variedade de condições de estrutura geográfica do país.

Esta variedade de condições geográficas é muito grande, com uma grande variedade de condições de estrutura geográfica do país. A primeira consideração que se quer o primeiro a ser feita é a de que o país é muito grande, com uma grande variedade de condições de estrutura geográfica do país. A primeira consideração que se quer o primeiro a ser feita é a de que o país é muito grande, com uma grande variedade de condições de estrutura geográfica do país.

Destacamos aqui os pontos de vista da república de Santiago, com uma grande variedade de condições de estrutura geográfica do país. A primeira consideração que se quer o primeiro a ser feita é a de que o país é muito grande, com uma grande variedade de condições de estrutura geográfica do país.

Além disso, o país é muito grande, com uma grande variedade de condições de estrutura geográfica do país. A primeira consideração que se quer o primeiro a ser feita é a de que o país é muito grande, com uma grande variedade de condições de estrutura geográfica do país.



## SANTIAGO

A Provincia de Santiago conta con 832 freguesías repartidas entre 101 xurisdiccións, 20 coutos redondos, unha cidade (Santiago) e 27 vilas: Arzúa, Caldas, Cambados, Cangas, Caramiñal, Carril, Cee, Corcubión, Fefiñáns, Fisterra, Sanxenxo, Malpica, Marín, Melide, Muros, Muxía, Noia, Padrón.

A primeira consideración que nos suxire o parcelario xurisdiccional desta división é que non existe ningunha adaptación dos señoríos ás estruturas xeográficas do país.

Este feito enténdese porque os dereitos señoriais non se rexían por adaptacións ó marco natural, senón máis ben, por razóns de moi diversas castes, especialmente, de causalidade histórica como doazóns reais, políticas matrimoniais ou herdanzas... de aí que unidades xeográficas ben definidas como o Salnés, a Maía, o Val do Ulla, a Terra de Montes etc... ofrecen unha imaxe de anárquico reparto do país e cunhas divisións xurisdiccionais e dereitos de señoríos que se superpoñen e mesturan dentro das grandes comarcas indiferentemente ós condicionamentos naturais.

Deste xeito a gra vea mestra do río Ulla capaz de crear e artellar tres comarcas xeográficas ben definidas como as penichairas do Ulla, o Val afundido do Ulla Medio e a zona de sedimentación do Ullán A, as dúas últimas pertencentes á provincia de Santiago, máis de 30 xurisdiccións repártense as úbedas e ricas terras destas comarcas.

Así tamén o vizoso Val de Salnés é repartido entre 6 xurisdiccións. E outro tanto ocorre na Maía situada no tramo da gran frac-

tura meridiana pola que se bota o río Sar e que é repartida en catro xurisdiccións.

Por outra parte a variedade xurisdiccional, tanto dende o punto de vista da súa extensión, poboación e número de vilas, como o que afecta á dependencia de goberno ou persoal converte as nosas provincias nun complicado «puzzle» alleo ós condicionamentos xeográficos.

En efecto, hai xurisdiccións cunha soa freguesía e 1 Km<sup>2</sup> como a de Bendaña do Marqués e outras con 48 freguesías e máis de 370 Km<sup>2</sup> como a de Mesía. Algunhas teñen unidade territorial como as de Trasdeza, Montes ou Fisterra e outras divídense en máis de 7 tenzas arredadas como as de Abeancos ou Boente.

A esta disparidade territorial corresponde tamén unha variada multiplicidade de señoríos: de Reguengo, de Señorío Secular, de Señorío Eclesiástico, de Abadengo, de Ordes etc.

O máis importante señorío é na nosa Provincia loxicamente o de Abadengo que abranguía o 51'1% do total provincial das freguesías, o máis grande señor era o Arcebispo de Santiago que exercía o seu señorío sobre 35 xurisdiccións e 460 freguesías repartidas por zonas costeiras: Malpica, Muxía, Fisterra, Muros, Noia, A Lanzada e o Morrazo; polas terras montesías: xurisdiccións de Montes e Baños; e nos arredores da cunca do Ulla: Trasdeza, Tabeirós, Vea, Lestedo...

Seguía o Señorío Secular que acadaba o 41% repartido por toda a Provincia e do que era o máis importante señor secular o Conde de Altamira con xurisdiccións en 195 freguesías.

O señorío Eclesiástico posuía tan só o 6'1% e a cativa proporción de Reguengo acadaba o 1'2%, a máis baixa das sete provincias galegas.

## LÍMITES

Comeza a delimitarse da provincia da Coruña medio Km ó oeste da Punta do Chan do Razo seguindo os actuais lindes dos



Concellos de Malpica —na Provincia de Santiago— e Carballo na da Coruña, na altura do monte Neme abandona os límites municipais facendo unha inflexión cara ó leste e deixando a freguesía de S. Martiño de Cances pertencente á xurisdicción de Mens na provincia de Santiago.

Os límites acadan o río Anllóns e acabalan sobre este río seguindo os lindes dos actuais municipios de Coristanco e Carballo, ó chegar ó Montecelo deixa o curso do Anllóns seguindo durante tres Km o afluente pola dereita do río Anllóns. Dende este punto abandona os límites municipais e deixa as freguesías de Sta. María de Prada e S. Salvador de Erbecedo na Provincia da Coruña acadando como un apéndice o Monte Castelo dende onde segue con dirección cara ó norte entre os límites do actual municipio de Coristanco en Tardoia primeiro, e Coristanco e Carballo despois. Incluindo a freguesía de S. Xés de Entrecruces da Xurisdicción de Xallas, na provincia de Santiago. Dende este punto segue os lindes dos municipios de Tordoia e Carballo, recollendo a freguesía de Sta. María de Anxeriz da Xurisdicción de Xallas na provincia de Santiago. Logo segue os lindes dos municipios de Tordoia co Val de Dubra e Trazo ata o lugar chamado Chouza de Cabaleiros onde corta o municipio de Tordoia en dúas grandes partes incluíndo as freguesías de Sta. María de Castenda, S. Cristovo de Leobalde e Santiago de Numide, da Xurisdicción de Montaos e o Couto Redondo de Gorgullos. Convén aclarar que o norte da freguesía de Gorgullos formaba no XVIII a pequena parroquia e Couto Redondo de Arcai pertencente a Provincia da Coruña.

Dende este punto en dirección nordeste os lindes corrían ó longo dos actuais municipios de Cerceda e Ordes deixando a parroquia de S. Clemente de Mercurín dentro da provincia da Coruña. Seguen posteriormente os límites entre os municipios de Cerceda e Culleredo con Carral e continúa polos de Carral e Cambre.

Dende o Pico Anxelio, nos montes do Xalo, van os límites sobre os dos municipios de Culleredo e Carral, ata o lugar e río de Brexa no punto de unión entre as provincias de Santiago e Betanzos. Neste punto a provincia de Santiago forma unha cuña entre as provincias da Coruña e Betanzos coa xurisdicción do Val de Barcia e

algo máis ó oeste fórmase un verdadeiro enclave da provincia de Santiago, dentro da provincia de Betanzos coas freguesías de Cutián e Paderna, da xurisdicción de Mesía. Dende este punto os lindes cortan o municipio de Mesía para deixa-la freguesía de Cabruíña xurisdicción de Sobrado e provincia de Betanzos e de seguido corren os lindes pola divisións dos municipios de Vilasantar (provincia de Santiago) e Curtis (Betanzos) ata chegar ó Monte Enxameado.

Dende este punto corren os lindes cara ó sur englobando as freguesías de Folgoso e Cidadela na xurisdicción de Mesía e provincia de Santiago ata chegar á Serra do Bocelo, punto máis meridional da provincia de Betanzos e lugar de encontro das provincias de Santiago, Betanzos e Lugo.

O Monte de Bocelo (756 mts.) é o límite das tres provincias de Betanzos, Santiago e Lugo. Desde este punto forman un arco cara ó leste que engloba a xurisdicción de Toques dentro da provincia de Lugo ata acada-lo Pico da Arca (737) desde onde se dirixe sensiblemente cara ó sur, deixando a parroquia de Meiré, da xurisdicción de Toques, e xurisdicción de Basadre na provincia de Lugo e alcanzando a Serra do Farelo, percorrendo os seus cumios (927 mts.) para cabalgar cara ó S.O. e logo no N.O. polos límites dos actuais concellos de Rodeiro, na provincia de Lugo, e Agolada, na provincia de Santiago, e despois de Agolada e Lalín, despois acada os límites entre Lalín e Vila de Cruces deixando a freguesía de Toiriz na xurisdicción de Deza e provincia de Santiago.

Desde este punto os límites corren primeiro polo río Deza despois polo seu afluente o Asneiro e de seguido polo río Refoxos ata acada-los cumios do Candán (1014) e cara ó sur o Monte do Pereiro (Serra de Testeiro) nos límites das tres provincias de Santiago, Lugo e Ourense e as tres xurisdiccións de Montes, Deza e Orcellón respectivamente.

Dende este punto seguen os límites directamente ó sur entre as xurisdiccións de Montes na provincia de Santiago e Orcellón na de Ourense ata acada-lo río Cardelle ó pé da Pena Marcelo que ascende ata o Marco da Corcheta e a Laxa Blanca (939 mts.) nos límites das provincias de Santiago, Ourense e Tui.

Desde este punto cara ó oeste acada a cima de Pedra Longa, deixando a parroquia de Gaxate da xurisdicción de Soutomaior e alcanza o río Verdugo dous quilómetros ó sur de Ponte-Caldelas percorre o río Verdugo uns sete quilómetros. Cabalga sobre os límites dos concellos de Pontecaldelas e Soutomaior e despois sobre os de Pontevedra e Soutomaior, volve ó río Verdugo ata a súa desembocadura deixando a xurisdicción de Pontesampaio na provincia de Santiago e o couto de Arcade na provincia de Tui.

Estes límites sinalados danlle á Provincia de Santiago unha extensión de 6.910 kms. e unha poboación segundo Floridablanca de 396.312 habitantes o que lle condiciona unha densidade relativa de 57'3 hab./km<sup>2</sup>.



XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
ABEANCOS	Abeancos (S. Salvador)	S.S. e X.O. polo Conde de Monterrei	
	Arnego (Sta. María)	Idem	
	Belmil (S. Pedro)	Idem	
	Besexos (S. Fiz)	Idem	
	Brandeso (S. Lourenzo)	Idem	
	Brocos (S. Miguel)	Idem	
	Campos (Sta. María)	Idem	
	Cumeiro (S. Pedro)	Idem	
	Ferreiros (S. Xinés)	Idem	
	Larazo (S. Xoán)	Idem	
	Leboreiro (Sta. María)	Idem	
	Liñares (Santiago)	Idem	
	Mourazos (S. Xurxo)	Idem	
	Niñodaguía (S. Paio)	Idem	
	Ponte Arcediago (S. Xoán)	Idem	97,125
	Rairiz (Sta. Olalla)	Idem	
	Santiso (Sta. María)	Idem	
	Tronceda (Sta. María)	Idem	
	Varelas (S. Martiño)	Idem	
Vimianzo (Sta. María)	Idem		
Visantoña (S. Xoán)	Idem		
Zás do Rei (S. Xulián)	Idem		
AGUALADA C.R.	Agualada (S. Lourenzo)	S.S. e X.O. polo Conde de Ribadavia.	6,500
ALLO C.R.	Allo (S. Pedro)	S.S. e X.O. Por D. D. Francisco Riobó.	6,875
ALMEREZO	Cospindo (S. Tirso)	S.E. e X.O. polo Mosteiro de Sobrado, Orde de San Bernardo.	15,250

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Graña (S. Vicente)	Idem	
ALTAMIRA	Agrón (S. Lourenzo)	S.S. e X.O. polo Conde de Altamira	
	Anxeles (Sta. María)	Idem	
	Bastavales (S. Xulián)	Idem	
	Bastavales (S. Salvador)	Idem	
	Brión (S. Fiz)	Idem	
	Bugallido (S. Pedro)	Idem	84,750
	Cornanda (Sta. María)	Idem	
	Lens (S. Paio)	Idem	
	Luaña (S. Xulián)	Idem	
	Ortoño (S. Xoán)	Idem	
	Trasmonte (Sta. María)	Idem	
AMIL	Amil (S. Mamede)	S.S. e X.O. pola Marquesa de Villar.	5,750
ANLLÓNS	Anllóns (S. Fiz)	S.S. e X.O. por D. Joaquín de Lamas.	4,375
ARCOS DA CONDESA	Arcos da Condesa (Sta. María)	S.E. e X.O. polo Cabido de Santiago.	
ARZÚA	Andabao (S. Martiño)	Ab. e X.O. polo Reverendo Arcebispo de Santiago.	
	Arceo (S. Vicente)	Idem	
	Arzúa (Santiago)	Idem	
	Arzúa (Sta. María)	Idem	
	Boimorto (Santiago)	Idem	
	Burres (S. Vicente)	Idem	80,375
	Calvos (S. Martiño)	Idem	

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Mella (S. Pedro)	Idem	
	Sandelle (Sta. María)	Idem	
	Viladavil (S. Pedro)	Idem	
BAÑOS	Arcos (S. Breixo)	Ab. e X.O. polo mesmo Arcebispo.	
	Baños (Sta. María)	Idem	
	Carracedo (Sta. Mariña)	Idem	
	Ciquiril (Sta. María)	Idem	
	Couselo (S. Miguel)	Idem	
	Couso (S. Cristovo)	Idem	
	Estacas (S. Fiz)	Idem	
	Montes (S. Isidro)	Idem	
	Moimenta (Sta. María)	Idem	129,875
	Morillas (Santiago)	Idem	
	Piñeiro (S. Mamede)	Idem	
	Portela (Sta. Eulalia)	Idem	
	Troans (Sta. María)	Idem	
BARCALA	Aro (S. Vicente)	S.S. e X.O. polo Conde de Altamira.	
	Arzón (S. Cristovo)	Idem	
	Baña (S. Salvador)	Idem	
	Baña (S. Vicente)	Idem	
	Barcala (S. Cibrao)	Idem	
	Barcala (S. Xoán)	Idem	
	Broño (S. Martiño)	Idem	
	Campelo (S. Fiz)	Idem	
	Corneira (Sto. Estevo)	Idem	
	Covas (Sta. María)	Idem	
	Ermida (S. Salvador)	Idem	
	Gonte (S. Pedro)	Idem	

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Landeira (Sto. Estevo)	Idem	
	Linaio (S. Martiño)	Idem	117,125
	Lueiro (Sta. Olalla)	Idem	
	Ordoeste (Sta. María)	Idem	
	Pena (S. Mamede)	Idem	
	Portor (Sta. María)	Idem	
	Xallas de Arzón		
	(S. Pedro)	Idem	
	Zas (S. Mamede)	Idem	
BENDAÑA	Arca (Sta. Olalla)	Ab. e X.O. polo referido Arcebispo.	
	Bama (S. Xulián)	Idem	
	Castrofeito (Sta. María)	Idem	
	Lema (S. Pedro)	Idem	
	Loureda (S. Pedro)	Idem	
	Pantiñobre (Sto. Estevo)	Idem	88,500
	Pereira (S. Miguel)	Idem	
	Touro (S. Xoán)	Idem	
	Turces (Sta. María)	Idem	
	Viñós (S. Pedro)	Idem	
BENDAÑA DO MARQUES	Bendaña (Sta. María)	S.S. e X.O. polo Marqués de Bendaña.	1,00
BERDEOGAS	Berdeogas (Santiago)	S.S. e X.O. polo Conde de Amaranante e D. Fernando Campero.	19,375
BOENTE	Agrón (Sta. Olalla)	S.S. e X.O. polo Conde de Altamira.	
	Anxeles (Sta. María)	Idem	



XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Barazón (Sta. María)	Idem	
	Barreiro (S. Mamede)	Idem	
	Beigondo (S. Cosme)	Idem	
	Boente (Santiago)	Idem	
	Figueiroá (S. Paio)	Idem	
	Gondolín (S. Martiño)	Idem	
	Moroxo (Sta. María)	Idem	
	Moldes (S. Martiño)	Idem	
	Novela (Sta. María)	Idem	
	Oleiros (S. Martiño)	Idem	
	Pedrouzos (Sta. Mariña)	Idem	77,875
	Pezobrés (Sto. Estevo)	Idem	
	S. Román (S. Pedro)	Idem	
	Seixo (Santiago)	Idem	
	Vilamor (Sto. Estevo)	Idem	
	Vitiriz (S. Vicente)	Idem	
	Xubial (Santiago)	Idem	
BOIRO	Boiro (Sta. Olalla)	S.E. e X.O. polo Cabido de Santiago.	18,875
BORRAXEIROS	Artoño (Sta. Olalla)	S.S. e X.O. polo Conde de Borraxei- ros	
	Berredo (Sta. María)	Idem	
	Borraxeiros (S. Cristovo)	Idem	30,250
	Cabanelas	Idem	
	Couso (S. Xoán)	Idem	
	Eidián (Santiago)	Idem	
BRANDOMÉS C.R.	Brandariz (S. Miguel)	S.E. e X.O. polo Convento de mer- cedarios de Conxo	8,625

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
BUDIÑO	Bando (Sta. Olalla)	S.S. e X.O. polo Conde de Altamira.	
	Berreo (S. Mamede)	Idem	
	Budiño (Sta. María)	Idem	
	Carballal (S. Xulián)	Idem	
	Cesar (Sta. María)	Idem	
	Berdía (Sta. Mariña)	Idem	
	Beseño (S. Cristovo)	Idem	
	Enfesta (S. Cristovo)	Idem	113,00
	Ferreiros (S. Breixo)	Idem	
	Ferreiros (S. Mamede)	Idem	
	Marantes (S. Vicente)	Idem	
	Nemenzo (Sta. Cristina)	Idem	
	Pino (S. Vicente)	Idem	
	Prevediños (Santiago)	Idem	
Sabugueira (S. Paio)	Idem		
BUGALLIDO C.R.	Bugadillo (S. Pedro)	S.S e X.O. por Don Francisco San Martín.	10,375
BUXÁN	Buxán (Santiago)	S.S. e X.O. por Don Juan De la Cruz Ozores.	10,375
CALDAS	Caldas (Sta. María)	S.S. e X.O polos seus veciños.	15,375
	Vemil (Sta. María)	Idem	
CALDEBERGAZO	Antas (Santiago)	Ab. e X.O. polo Reverendo Arcebispo de Santiago	
	Barcia (Sta. Ana)	Idem	
	Caldelas (Sta. Olalla)	Idem	
	Covelo (S. Sebastián)	Idem	99,750

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Gaxate (S. Pedro)	Ab. e S.S. e X.O. pola antecedente, e outra por D. Gaspar Bermúdez.	
	Lama (S. Salvador)	Ab. e X.O. polo Reverendo Arcebispo de Santiago.	
	Seixido (S. Bartolomeu)	Idem	
CAMBADOS	Cambados (S. Tomé)	S.S. e X.O. polo Conde de Monterrei.	
	Nogueira (S. Lourenzo)	Idem	16,375
	Nogueira (S. Tomé)	Idem	
	Nogueira (S. Vicente)	Idem	
CAMANZO	Ansemil (S. Pedro)	S.E. e X.O. polo Mosteiro das Benedictinas de S. Paio de Santiago.	
	Brántega (S. Lourenzo)	Idem	
	Camanzo (S. Salvador)	Idem	21,250
	Donas (S. Pedro)	Idem	
	Orrea (Sto. Andrés)	Idem	
CAMPO E FRAGAS	Campo (S. Miguel)	S.S. e X.O. polo Marqués de la Sierra, e D. María Joaquina Aldão.	23,875
	Fragas (Sta. Mariña)	Idem	
CANGAS	Aldán (S. Cibrao)	Ab. S.S. e X.O. polo Reverendo Arcebispo de Santiago, e a Marquesa de Villar.	

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Ardán (Sta. María)	Ab. e X.O. a do Reverendo Arcebispo.	
	Bueu (S. Martiño)	Idem	
	Campo (Sta. María)	Idem	
	Cangas (Santiago)	Idem	
	Cela (Santiago)	Idem	
	Coiro (Santiago)	Idem	
	Darbo (Sta. María)	Idem	108,875
	Damaio (S. Pedro)	Idem	
	Ermelo (Santiago)	Idem	
	Hío (Sto. Andrés)	Idem	
	Moaña (S. Martiño)	Idem	
	Piñeiro (S. Tomé)	Idem	
	Tirán (S. Xoán)	Idem	
	Veluso (Sta. María)	Ab. e S.S. e X.O. polo Reverendo Arcebispo, e Marquesa de Villar.	
CARAMIÑAL	Caramiñal (Sta. María)	S.S. e X.O. polo Marqués de Parga.	
	Corrubedo (Sta. María)	Idem	28,125
	Xobre (Sta. María)	Idem	
	Xuño (Sta. Mariña)	Idem	
CARBOEIRO	Carbia (S. Xoán)	S.E. e X.O. polo Mosteiro de S. Martiño de Santiago, Orde de S. Bieito.	17,250
	Carboeiro (Sta. María)	Idem	
	Xestoso (Sta. María)	Idem	

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Saidres (S. Xoan)	Idem	
CARMOEGA	Carmoega (S. Pedro)	X.O. pola Obra Pía de S. Antonio de Melide S. Andrés, e D. Juan Mosquera, D. Joseph Taboada, e D. Juan Sisto	5,500
CARRIL	Carril (Santiago)	Ab. e S.S. e X.O. polo Reverendo Arcebispo de Santiago e o Conde de Graxal.	1,375
CAXIDE	Dumaxe (S. Miguel)	S.S. e X.O. por D. Joseph Pardo.	11,625
	Loño (S. Mamede)	Idem	11,625
	Portodemouros (San Salvador)	Idem	
CEE	Cee (Sta. María)	S.E. e X.O. polo Arcediago de Trastámara.	7,625
CESAR	Cesar (S. Clemente)	S.S. e X.O. polos seus veciños.	11,230
CIRA	Añobre (S. Pedro)	S.S. e X.O. polos Condes de Altamira.	
	Bascuas (Sta. María)	Idem	
	Boqueixón (S. Vicente)	S.E. e S.S. e X.O. a antecedentes, e outra polo Cabido de Santiago	
	Castro (S. Miguel)	S.S. e X.O. pola do Conde.	

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Cebreiro (S. Vicente)	Idem	
	Cira (Sta. Eulalia)	Idem	
	Codeso (Sta. Eulalia)	Idem	
	Dornelas (S. Martiño)	Idem	
	Enquerentes (S. Miguel)	Idem	
	Foxáns (S. Breixo)	Idem	
	Fontes (Sta. Mariña)	Idem	
	Gastrar (Sta. Mariña)	Ab. e S.S. e X.O. a mesma e outra polo Cabido de Santiago	
	Gres (Santiago)	S.S. e X.O. polo do Conde	120,250
	Lamela (S. Miguel)	S.S. e X.O. a antecedente, outra polo Marqués de Santa Cruz.	
	Ledesma (S. Salvador)	S.E. e S.S. e X.O. a do Cabido de Santiago, e o Conde de Altamira.	
	Loimil (Sta. María)	S.S. e X.O. a o Conde	
	Loxo (Sta. María)	Idem	
	Oural (Sta. María)	Idem	
	Ribeira (S. Pedro)	Idem	
	Sergude (S. Breixo)	Idem	
	Sabrexo (Sta. María)	Idem	
	Subeira (Sta. Mariña)	Idem	
	Vilar (S. Miguel)	Idem	
CODESEDA	Codeseda (S. Xurxo)	S.E. e X.O. polo Cabido de Santiago.	
	Liripio (S. Xoán)	Idem	32,00

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Sabucedo (S. Lourenzo)	Idem	
COMBARRO	Poiogrande (S. Xoán)	Ab. e X.O. polo Reverendo Arcebispo de Santiago.	
	Poiopequeno (S. Salvador)	Idem	26,875
CORCUBIÓN	Ameixenda (Santiago)	S.S. e X.O. polo Conde de Altamira.	
	Bardullas (S. Xoán)	Idem	
	Brens (Sta. Eulalia)	Idem	
	Buiturón (S. Tirso)	Idem	
	Caberta (S. Fiz)	Idem	
	Carnota (Sta. Columba)	Idem	
	Codesos (S. Cristovo)	Idem	
	Corcubión (S. Marcos)	Idem	
	Dumbría (Sta. Olalla)	Idem	
	Ézaro (Sta. Uxía)	Idem	
	Frixe (Sta. Leocadia)	Idem	201,00
	Lariño (S. Martiño)	Idem	
	Lires (Sto. Estevo)	Idem	
	Morquiñán (Sta. María)	Idem	
	Olbeira (S. Martiño)	Idem	
	Olbeiroa (Santiago)	Idem	
	Pereiriña (S. Xulián)	Idem	
	Salgueiros (S. Mamede)	Idem	
	Serres (S. Xoán)	S.S. e X.O. a o Conde.	
	Touriñán (S. Martiño)	Idem.	
CORDEIRO	Abalo (S. Mamede)	Ab. e X.O. polo Reverendo Arcebispo de Santiago.	

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Dimo (S. Pedro)	Idem	
	Isorna (Sta. María)	Idem	
	Louro (Sta. Columba)	Idem	64,500
	Setecoros (Salvador)	Idem	
	Valga (S. Miguel)	Idem	
	Xanza (Sta. María)	Idem	
COTOBADÉ	Almofrei (S. Lourenzo)	Idem	
	Augasantas (Sta. María)	S.S. e X.O. polo Duque de Soutomaior.	
	Borela (S. Martiño)	Idem	
	Carballedo (S. Miguel)	Idem	
	Corredoira (S. Gregoria)	Idem	
	Loureiro (Santiago)	Idem	
	Rebordelo (S. Martiño)	Idem	131,00
	Sacos (S. Xurxo)	Idem	
	Sacos (Sta. María)	Idem	
	Tenorio (S. Pedro)	Idem	
	Valongo (Sto. Andrés)	Idem	
	Viascón (Santiago)	Idem	
DODRO E LESTROVE C.R.	Dodro (Sta. María)	S.S. e X.O. polo Marqués de Bendaña	7,250
DUBRA	Arabexo (Sta. María)	S.S. e X.O. polo Marqués de Alcañizas.	
	Bembibre (S. Salvador)	Idem	
	Coucieiro (S. Martiño)	Idem	
	Erbiñou (S. Cristovo)	Idem	



XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Niveiro (S. Vicente)	Idem	
	Páramos (Sta. María)	Idem	
	Piñeiro (S. Mamede)	Idem	115,500
	Portomeiro (S. Cosme)	Idem	
	Portomouro (S. Cristovo)	S.E. e S.S. e X.O. a mesma e outra polo Mosteiro de San Martiño de Santiago, Orde de S. Bieito.	
	Rial (S. Vicente)	Idem	
	San Román (Sta. Mariña)	S.S. e X.O. a do Marqués.	
	Tapia (S. Cristovo)	Idem	
	Troitosende (Sta. María)	Idem	
	Vilariño (S. Pedro)	Idem	
FARAMILLÁNS C.R.	Faramilláns (Sta. Olalla)	S.S. e X.O. polo Marqués de Bobeda.	0,875
FEFIÑÁNS	Besomaño (Sta. María)	S.S. e X.O. polo Conde de Fefiñáns.	
	Corbillón (S. Mamede)	Idem	
	Fefiñáns (S. Bieito)	Idem	23,625
	Leiro (S. Xoán)	Idem	
	Oubiña (S. Vicente)	Idem	
	Ribadumia (Sta. Olalla)	Idem	
	Vilariño (Sto. Adrao)	Idem	
FISTERRA	Duio (S. Martiño)	Ab. e X.O. polo Reverendo Arcebispo de Santiago.	
	Duio (S. Vicente)	Idem	

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Fisterre (Sta. María)	Idem	28,875
	Sardiñeiro (S. Xoán)	Idem	
FOLGOSO	Barbeirós (Sta. M <sup>a</sup> )	S.S. e X.O. polo Conde de Altamira.	171,500
	Boán (Sta. María)	Idem	
	Cardema (Sta. María)	Idem	
	Deixebe (Sta. María)	Idem	
	Frades (S. Martiño)	Idem	
	Galegos (S. Martiño)	Idem	
	Gándara (S. Miguel)	Idem	
	Lesta (Sto. Andrés)	Idem	
	Marzoa (S. Martiño)	Idem	
	Masos (S. Salvador)	Idem	
	Moar (Santa Baía)	Idem	
	Montaos (Sta. Cruz)	Idem	
	Ordes (Sta. María)	Idem	
	Oroso (S. Martiño)	Idem	
	Papocín (Sta. María)	Idem	
	Parada (Sta. Mariña)	Idem	
	Pereira (Sta. Olalla)	Idem	
	Senra (Sta. Olalla)	Idem	
	Vilamaior (Santiago)	Idem	
	Vilaromariz (S. Tomás)	Idem	
FURELOS	Furelos (S. Xoán)	O. e S.S. e X.O. pola Encomenda de Porto Marín, Relixión de S. Xoán, e D. Fernando Bermúdez.	5,125
GOIÁNS C.R.	Lampón (Santiago)	S.S. e X.O. por D. Vicente Caamaño.	4,750

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
GORGULLOS C.R.	Gorgullos (Sta. Eulalia)	Ab. e X.O. polo Reverendo Arcebispo de Santiago.	21,250
GRANXA	Granxa (S. Lourenzo)	S.S. e X.O. polo Marqués de Monte Sacro.	4,375
HOZÓN E BAÍÑAS	Baíñas (S. Antolín)	S.E. e X.O. polo Mosteiro de S. Martiño de Santiago, Orde de S. Bieito.	53,250
	Nemiña (S. Cristovo)	Idem	
	Ozón (S. Martiño)	Idem	
ILLA DE AROUSA C.R.	Illa de Arousa (S. Xulián)	S.E. e X.O. polo Mosteiro de San Martiño de Santiago, Orde de S. Bieito.	7,375
LAÑAS	Cabanas (S. Miguel)	Ab. e X.O. polo Reverendo Arcebispo de Santiago.	27,125
	Fiopáns (S. Pedro)	Idem	
	Lañas (Sta. Olalla)	Idem	
	Logrosa (Sta. Olalla)	Idem	
	Negreira (S. Xulián)	Idem	
LANZADA	Adina (Sta. María)	Ab. e X.O. polo mesmo	
	Armenteira (Sta. María)	Ab. S.E. e X.O. a mesma e outra polo Mosteiro da Armenteira, Orde de San Bernardo.	
	Arra (S. Mauro)	Ab. e X.O. a do Reverendo Arcebispo.	

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Bordóns (S. Pedro)	Idem	
	Castrelo (Sta. María)	Idem	
	Covas (Sta. Cristina)	Idem	
	Dena (Sta. Eulalia)	Idem	
	Dorrón (S. Xoán)	Ab. e S.S. e X.O. a antecedente, e outra por D. Juan Méndez.	
	Gondar (S. Tomé)	Idem	
	Grove (S. Vicente)	Idem	125,625
	Grove (S. Martiño)	Idem	
	Lores (S. Miguel)	Idem	
	Meaño (S. Xoán)	Idem	
	Nantes (Sta. Eulalia)	Idem	
	Noalla (Sto. Estevo)	Idem	
	Padrenda (S. Martiño)	Idem	
	Raxóo (S. Gregorio)	Idem	
	Samieira (Sta. María)	Idem	
	San Xenxo (S. Xes)	Idem	
	Vilalonga (S. Pedro)	Ab. e S.S. e X.O. a mesma e outra polo Duque de Patiño.	
	Xil (Sta. Olalla)	Ab. e X.O. a do Reverendo Arcebispo.	
LEILOIO	Leiloio (Sta. María)	S.E. e X.O. polo Cabido de Santiago.	6,250
LESTEDO E MONTESACRO	Lestedo (Sta. María)	Ab. e X.O. polo Reverendo Arcebispo de Santiago.	10,625
	Sarandón (S. Pedro)	Idem	
MAHÍA	Ames (S. Tobías)	Ab. e X.O. polo mesmo.	
	Boullón (S. Miguel)	Idem	

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Covas (Sto. Estevo)	Idem	42,625
	Ons (Sta. María)	Idem	
	Viceso (Sta. María)	Idem	
MALPICA	Barizo (S. Pedro)	Ab. e X.O. polo mes- mo	53,125
	Brátoas (S. Xulián)	Idem	
	Cambre (S. Martiño)	Idem	
	Corme (Sto. Adrao)	Idem	
	Malpica (S. Xulián)	Idem	
	Vilanova (Santiso)	Idem	
MARÍN	Marín (Sta. María)	S.E. e X.O. polo Mos- teiro de Oseira, Or- de de San Bernardo.	12,375
	Marín (S. Xulián)	Idem	
	Mogor (S. Xurxo)	Idem	
MEDÍN	Medín (Sto. Estevo)	S.S. e X.O. por Don Diego Leis Rioboó e D. Juan Domínguez.	10,375
MEIRA C.R.	Meira (Sta. Olalla)	S.S. e X.O. polo Mar- qués de Valadares	10,125
MELIDE	Abeancos (S. Cosme)	Ab. e X.O. polo Reve- rendo Arcebispo de Santiago	
	Baltar (Santiago)	Idem	
	Castañeda (Sta. María)	Idem	
	Castro (S. Tomé)	Idem	
	Golán (S. Xoán)	Idem	
	Groba (Sta. María)	Idem	
	Maceda (S. Pedro)	Idem	

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Melide (S. Pedro)	Idem	64,500
	Melide (Sta. María)	Idem	
	Orois (Sta. Cristina)	Idem	
	Rendal (Sta. María)	Idem	
	San Cibrao (S. Xoán)	Idem	
	Serantes (Sta. Olalla)	Idem	
	Vilantime (S. Pedro)	Idem	
MENS	Buño (Sto. Estevo)	S.S. e X.O. polo Conde de Altamira.	116,500
	Cances (S. Martiño)	Idem	
	Cereo (Sta. María)	Idem	
	Cerqueda (S. Cristovo)	Idem	
	Cesullas (Sto. Estevo)	Idem	
	Condíns (S. Paio)	Idem	
	Cores (S. Martiño)	Idem	
	Coristanco (S. Paio)	Idem	
	Mens (Santiago)	Idem	
	Nemeño (S. Tomé)	Idem	
	Niñóns (S. Xoán)	Idem	
	Oca (S. Martiño)	Idem	
	Pazo (S. Salvador)	Idem	
	Tallo (Sto. Andrés)	Idem	
	Valencia (S. Pedro)	Idem	
MESÍA	Abellá (Sto. Estevo)	Ab. e X.O. polo Reverendo Arcebispo de Santiago.	
	Aiazo (S. Pedro)	Idem	
	Albixoi (S. Martiño)	Idem	
	Ánxeles (S. Mamede)	Idem	
	Ánxeles (Sta. María)	Idem	

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Aña (S. Martiño)	Idem	
	Ardemil (S. Pedro)	Idem	
	Armental (S. Martiño)	Idem	
	Boado (Santiago)	Idem	
	Boimil (S. Miguel)	Idem	
	Brates (S. Pedro)	Idem	
	Bruma (S. Lourenzo)	Idem	
	Buazo (Sta. María)	Idem	
	Buscás (San Paio)	Idem	
	Bascoi (Santiago)	Idem	
	Calvente (S. Xoán)	Idem	
	Campo (Sto. Estevo)	Idem	
	Cerdeiro (S. Pedro)	Idem	
	Carres (S. Vicente)	Idem	
	Castro (S. Sebastián)	Idem	
	Céltigos (S. Xulián)	Idem	
	Cerceda (S. Miguel)	Idem	
	Cidadela (Sta. María)	Idem	371,25
	Corneda (S. Pedro)	Idem	
	Cumbrão (Sta. María)	Idem	
	Curtis (S. Vicente)	Idem	
	Cutián (Sta. María)	Idem	
	Dormeá (S. Cristovo)	Idem	
	Filgueira (S. Miguel)	Idem	
	Folgosó (Sta. Cristina)	Idem	
	Gatoi (S. Martiño)	Idem	
	Gonzar (Sta. María)	Idem	
	Lanzá (S. Mamede)	Idem	
	Ledóira (S. Martiño)	Idem	
	Leira (Sta. María)	Idem	
	Mercurín (S. Xoán)	Idem	
	Mesía (S. Cristovo)	Idem	
	Olas (S. Lourenzo)	Idem	

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Paderne (Santiago)	Idem	
	Pasarelos (S. Román)	Idem	
	Poulo (S. Xulián)	Idem	
	Rodeiros (S. Simón)	Idem	
	Vilariño (Sta. María)	Idem	
	Visantoña (S. Martiño)	Idem	
	Vitre (S. Xoán)	Idem	
	Xuanceda (S. Salvador)	Ab. e S.S. e X.O. a antecedente, e outra por D. Juan Pimentel	
MEZONZO	Barbeito (S. Salvador)	S.E. e X.O. polo Mosteiro de S. Marcos de Santiago, Orde de S. Bieito.	
	Mezonzo (Sta. María)	Idem	29,375
	Présaras (S. Pedro)	Idem	
	Vilasantar (Santiago)	Idem	
MONTAOS	Benza (S. Pedro)	S.S. e X.O. polo Marqués de Montaos.	
	Campo (S. Xoán)	Idem	
	Castelo (Sta. María)	Idem	
	Castenda (Sta. María)	Idem	
	Chaián (Sta. María)	Idem	
	Leobalde (S. Cristovo)	Idem	101,750
	Morlán (Sta. María)	Idem	
	Numide (Santiago)	Idem	
	Trazo (Sta. María)	Idem	
	Vilouchada (S. Vicente)	S.S. e X.O. a mesma e outro por D. Domingo Varela.	
	Xavestre (S. Cristovo)	S.S. e X.O. polo referido Marqués.	



XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
MONTES	Acibeiro (Sta. María)	Ab. e X.O. polo Reverendo Arcebispo de Santiago.	
	Beariz (Sta. María)	Idem	
	Caroi (Santiago)	Idem	
	Castrelo (Sta. Mariña)	Idem	
	Castro (Sta. Eulalia)	Idem	
	Cerdedo (S. Xoán)	Idem	
	Dúas Igrexas (Sta. María)	Idem	
	Figueiroá (S. Martiño)	Idem	
	Folgozo (Sta. María)	Idem	
	Forcarei (S. Martiño)	Idem	
	Xirazga (S. Salvador)	Idem	
	Lebozán (Sta. Cruz)	Idem	
	Meabía (S. Xoán)	Idem	
	Millerada (S. Mamede)	Idem	
	Montes (Madanela de)	Idem	307,125
	Parada (S. Pedro)	Idem	
	Pardesoia (Santiago)	Idem	
	Pedre (Sto. Estevo)	Idem	
	Pereira (S. Bartolomeu)	Idem	
	Presqueiras (Sta. Mariña)	Idem	
Quintillán (S. Pedro)	Idem		
Quireza (S. Tomé)	Idem		
Tomonde (Sta. Mariña)	Idem		
Ventoxo (S. Nicolás)	Idem		
MONZO E RESTANDE	Monzo (Sta. María)	R. e X.O. pola S.M.	
	Restande (Sta. María)	Idem	14,250

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
MORAIME E BUXANTES	Buxantes (S. Pedro)	S.E. e X.O. polo Mosteiro de Santiago, Orde de S. Bieito.	48,625
	Moraime (S. Xiao)	Idem	
MUROS	Abelleira (Sto. Estevo)	Ab. e X.O. polo Reverendo Arcebispo de Santiago	348,125
	Albite (S. Tomé)	Idem	
	Albores (S. Mamede)	Idem	
	Antes (S. Cosme)	Idem	
	Arcos (Santiago)	Idem	
	Beba (S. Xulián)	Idem	
	Campolongo (Sta. Cruz)	Idem	
	Cando (Santiso)	Idem	
	Carnota (S. Mamede)	Idem	
	Cestaio (S. Miguel)	Idem	
	Chacín (Santa Baía)	Idem	
	Coiro (Sta. María)	Idem	
	Corzón (S. Cristovo)	Idem	
	Eiroa (S. Fiz)	Idem	
	Entíns (Sta. Leocadia)	Idem	
	Entíns (Sta. María)	Idem	
	Entíns (S. Orente)	Idem	
	Esteiro (Sta. María)	Idem	
	Fontecada (S. Martiño)	Idem	
	Louro (Santiago)	Idem	
Maroñas (Sta. María)	Idem		
Matasueiro (S. Lourenzo)	Idem		
Muros (S. Pedro)	Idem		
Outeiro (S. Cosme)	Idem		

XURISDICCIÓN	FREGUESÍA	SEÑORÍO	Km <sup>2</sup>
	Rial	Idem	
	Roo (S. Xoán)	Idem	
	Sabardes (S. Xoán)	Idem	
	Tal (Sta. María)	Idem	
	Tarás (S. Xulián)	Idem	
	Toréa (S. Xulián)	Idem	
	Valadares (S. Miguel)	Idem	
MUXÍA	Muxía (Sta. María)	Ab. e X.O. polo mesmo	1,00
NANTÓN C.R.	Monte (S. Mamede)	S.E. e X.O. polo Mosteiro de S. Martiño de Santiago, Orde de S. Bieito.	9,125
NOIA	Argalo (Sta. María)	Ab. e X.O. polo Reverendo Arcebispo de Santiago	
	Artes (S. Xulián)	Idem	
	Baroña (S. Pedro)	Idem	
	Boa (S. Pedro)	Idem	
	Caamaño (Sta. María)	Idem	
	Camboño (S. Xoán)	Idem	
	Carreira (S. Paio)	Idem	
	Cures (Sto. Andrés)	Idem	
	Fruíme (S. Martiño)	Idem	
	Goiáns (S. Sadurniño)	Idem	
	Lousame (S. Xoán)	Idem	
	Miñortos (S. Martiño)	Idem	243,875
	Muros (S. Pedro)	Idem	
	Nebra (S. Vicente)	Idem	
	Noal (S. Vicente)	Idem	

